

Compañeiros e compañeiras de Galiza Nova,

delegacións convidadas,

mozos e mozas nacionalistas.

É para min unha honra dirixirme esta tarde a todas e todos vós na clausura desta vosa Asemblea Nacional, que con certeza se ten caracterizado polo intenso e frutífero traballo de todo o corpo militante de Galiza Nova.

Mozos e mozas nacionalistas,

Sei que sabedes que non hai nada máis apaixonante, nada máis gratificante, que traballar pola emancipación do pobo do que todos nós facemos parte. Este País, Galiza, existe politicamente como unha realidade diferenciada grazas ao nacionalismo, grazas ao Bloque Nacionalista Galego.

E vós, mozos e mozas de Galiza Nova, sodes a mellor garantía de que no futuro continuará a existir Galiza como nación e cada vez con máis conciencia de seu, con máis conciencia nacional, con máis conciencia de que sermos galegos e galegas é a nosa forma de estarmos no mundo e de contribuírmos para a mellor marcha da Humanidade.

Mozos e mozas de Galiza Nova, o nacionalismo é a resposta. O nacionalismo entendido como un movemento emancipatorio quer no plano nacional quer no plano social. Sabedes perfectamente que non é viábel nengún proxecto de transformación social que non parta do recoñecimento de que Galiza existe e de que debe exercer libremente e en plenitude os seus dereitos nacionais. E sabedes tamén que calquer proxecto de emancipación nacional debe construírse prioritariamente desde a participación consciente nel da maioría social do noso País, isto é, das súas clases traballadoras, dos asalariados e das asalariadas, tamén dos desempregados e desempregadas, do exército de mil euristas e tamén de oitocentos ou setecentos euristas. Esa é a maioría social da nación e esa maioría social, da que os mozos e mozas facedes parte, ten que ser a grande protagonista no proceso de emancipación nacional. Non é posíbel concebir nengún proceso de transformación duradoiro, que poda

transcender os límites do marco político e económico actual, se non é desde a máis ampla participación popular. Que é se non iso a democracia? Lembrede a etimoloxía da palabra. A democracia é o goberno do pobo, fronte a oligarquía, que é o goberno duns poucos, o goberno dos privilexiados sobre as maiorías. Nós, os nacionalistas galegos, aspiramos a que a democracia en Galiza sexa verdadeiramente real, a que a democracia en Galiza faga honra ao seu nome e sexa efectivamente o goberno do pobo, aspiramos a que os galegos e as galegas como nación non teñamos máis límite que o da nosa libre determinación.

Atravesamos un dos períodos máis turbulentos da Historia da Humanidade recente.

Desde os anos 30 do pasado século, o sistema económico imperante -ese capitalismo que hai ben pouco Sarkozy devecía por refundar- non sufría unha conmoción semellante, non deixaba ver até que punto se ten construído sobre bases irracionais e contrarias aos dereitos dos pobos e da inmensa maioría dos seres humanos.

De súpeto xa ninguén se atreve a profetizar o fin da Historia. Xa case ninguén ousa dicir -como afirmaban Bush ou Thatcher- que o problema é o Estado. Mais ben ocorre o contrario: vemos a grandes oligarcas, os representantes do grande capital transnacionalizado, demandar unha especie de paréntese na eufemisticamente chamada economía de libre mercado. Unha paréntese que consiste basicamente en que co erario público se paguen os pratos rotos da cobiza privada. Iso si, sen nengún tipo de control nen contrapartida, de maneira que os recursos públicos que se inxectan na banca, por pormos un exemplo, logo non chegan en forma de créditos nen a particulares nen a empresas, co conseguinte esganamento e parálise da actividade produtiva.

Que aconteceu no mundo?

Pois basicamente que quebrou o paradigma neoliberal, un paradigma que con distintos matices viñeron practicando gobernos conservadores e socialdemócratas, un modelo baseado na primacía absoluta do mercado e na

perda progresiva do papel do sector público na economía.

A Man Invisíbel do mercado ía resolver todos os males. O *laissez faire*, *laissez passer* converteuse en dogma. A política víase como unha actividade sospeitosa. A globalización tornouse un fetiche. Apenas importaba aos ollos do pensamento oficial que o que se globalizaba fose unicamente o capital transnacional, que a única cultura que se globalizase fose a norteamericana e a única lingua, o inglés. Non se globalizaba nin a riqueza nin o traballo. Ao contrario: as desigualdades medraban exponencialmente, e unha nova división internacional do traballo condenaba a maior parte da Humanidade á exclusión ou ao papel de produtora de mercadorías de baixísimo valor engadido.

Pois ben, todo ese mundo veuse abaixo porque sinxelamente era insustentábel.

E ídesme permitir agora que exerza un chisquiño a autoestima e que con toda humildade proclame aquí que o nacionalismo galego viña dicendo desde hai moitos anos, absolutamente en solitario, que ese mundo non tiña futuro e que ese mundo acabaría por desaparecer.

A principios dos anos 90 do pasado século, o nacionalismo galego desenvolveu unha forte campaña social contra o Tratado de Maastricht. Fixémolo porque consideramos daquela que o Tratado que deu lugar á UE tal e como a coñecemos agora non era máis que a traslación a Europa das receitas neoliberais. Aí comezou a desregularización e o dominio absoluto do capital financeiro sobre o produtivo. Os bancos centrais pasaron a ser independentes do poder político. Aí comezaron tamén os gravísimos problemas que foron pexando as capacidades produtivas do noso País, agravando o noso estancamento demográfico e reabrindo a vía da emigración para os máis mozos. En moi poucos anos comprobamos como se desmantelaba o noso sector lácteo, como Astano era expulsado da construción naval civil, como Bruxelas subvencionaba o desguace da nosa frota pesqueira, como íamos perdendo posicións relativas no produto interior bruto per cápita.

O tempo veunos dar a razón. Mais non podemos conformarnos co acerto das

nosas análises, temos tamén que actuar socialmente para transformarmos as cousas, para gañarmos un mundo novo.

Coa lexitimidade que dá non ter partillado nunca o modelo que agora está en crise, o modelo neoliberal, o nacionalismo galego está empeñado en ofrecer alternativas ao noso pobo.

Agora na oposición, por decisión soberana do noso pobo.

Si hai alternativa.

Chámase nacionalismo.

A alternativa non pode ser reincidir nos vellos ticks neoliberais.

A alternativa non pode ser subir os impostos directos e reducir os investimentos produtivos, como propoñen os socialdemócratas españois.

A alternativa non pode ser avanzar cara a privatización da sanidade, conxelar as partidas de I+D+I e reducir o investimento en educación, tamén no ensino superior, como propón a dereita española que goberna a Xunta.

Se analisamos os orzamentos do goberno Zapatero e os do goberno Núñez Feijóo vemos que comparten un mesmo rasgo: non supoñen nengunha ruptura co pasado, mantéñense ancorados na mesma ortodoxia de raíz neoliberal.

Non son os orzamentos que precisa Galiza para saír da crise.

Non son os orzamentos que precisan os mozos e as mozas deste País para mellorar a súa formación ou abrirse paso na vida no mercado laboral en condicións de dignidade.

Nen a socialdemocracia nen a dereita española teñen a suficiente coraxe para propor un novo modelo económico, e cando falamos de modelo económico falamos tamén de modelo social, falamos de combater as desigualdades, e de

protexer máis aos máis débiles.

Por iso o BNG ten presentado unha emenda á totalidade aos orzamentos do Estado e por iso o BNG ten denunciado xa como absolutamente contraproducentes para o noso País os primeiros orzamentos do Goberno Núñez Feijóo.

A alternativa do nacionalismo é clara: trátase de apostar polo investimento produtivo fronte ao gasto suntuario, de apostar pola fiscalidade progresiva -polo principio de que pague máis quen máis ten- fronte a fiscalidade regresiva, de pór o acento na formación do capital humano e non no abaratamento da man de obra e na precarización das condicións de vida dos traballadores e das traballadoras, a comezar polos máis mozos e mozas.

Trátase de incrementar o poder adquisitivo dos salarios para redistribuír a riqueza despois de décadas de predominio das rendas do capital sobre as do traballo, pero tamén para reactivar o consumo e, deste xeito, encetar de vez a a recuperación da economía.

A alternativa do nacionalismo é clara e por iso o BNG ten tomado a iniciativa e ten presentado a primeira proposición de lei da lexislatura para reformar a Lei de Caixas.

Cun obxectivo nido: que o aforro galego non se expatrie, que fique en Galiza, que sirva para financiar a economía produtiva do País, que se poña ao servizo do interese xeral. E para todo iso deben cumprirse dúas condicións irrenunciábeis. A primeira é que os centros de decisión continúen no noso País. A segunda é que o goberno galego participe directamente na xestión das caixas. As dúas son necesarias e as dúas son igualmente imprescindíbeis. As caixas deben continuar a ser galegas, pero deben ter tamén un maior compromiso con Galiza do que tiveron historicamente e iso só o pode garantir a presenza directa do goberno galego nos seus órganos de dirección.

Galiza atravesará unha dupla crise. Por un lado, a crise económica. Polo outro, a crise política.

A crise económica caracterízase non só pola redución do crecemento e do paro, senón tamén polo esganamento e parálise dos sectores produtivos, non só os tradicionais (agro industria, pesca, téxtil), senón tamén os emerxentes (eólicos).

A crise política caracterízase polo descenso do País á Segunda División do Estado.

Estar en Segunda División e non na liga das nacións condena a Galiza a xogar un papel irrelevante no Estado.

Isto debe preocuparnos, e moito, desde o punto de vista da nosa dignidade nacional, pero tamén debe preocuparnos, e moito, desde o punto de vista material, económico, porque estarmos na Segunda División -en rexional, con Extremadura, Asturias, etc- nos condena a ter un peor financiamento autonómico que o que teríamos de estar na Liga das Nacións, con Euskadi e Catalunya\_ e ter un peor financiamento autonómico significa ter piores servizos públicos, significa máis listas de espera, menos gasto universitario, menos gasto en políticas activas de emprego, menor capacidade para producir riqueza.

E quen é o responsábel directo de que Galiza estea en Segunda División, de que Galiza estea xa non por debaixo de Catalunya e Euskadi, senón mesmo de Madrid, Valencia ou Andalucía.

Pois como sabedes ese responsábel directo ten nome e apelidos e vive hoxe en Monte Pío. Chámase Alberto Núñez Feijóo e dirixe a forza política, o Partido Popular, que na pasada lexislatura vetou o Novo Estatuto de Nación que Galiza precisa.

Ese mesmo Alberto Núñez Feijóo é o responsábel de que por vez primeira na historia Galiza teña un Goberno que, sen nengun tipo de disimulo, ataca desaforadamente a lingua, na procura do seu exterminio ou no mellor dos casos na súa conversión nunha peza de museo.

Ataca con saña o galego porque sabe que a lingua é o símbolo da existencia de Galiza como nación e porque sabe que se a lingua gaña espazos tamén o fará a conciencia de sermos un País con problemas propios e con necesidades prementes que só poderán ser satisfeitas desde a nosa autorresponsabilización.

Ese mesmo Alberto Núñez Feijóo é o que aínda non se ten posicionado abertamente sobre a hipótese de que as caixas de aforro galegas sexan absorbidas por entidades foráneas, quen sabe se pola Caixa Madrid pola que se pelexan agora Aguirre e Rajoy.

A que espera Núñez Feijóo? A recibir ordes? De quen? Do Banco de España? De Esperanza Aguirre? De Rajoy? De Rodrigo Rato?

Pídlle que teña dignidade, que exerza de presidente do goberno galego e non de funcionario do Partido Popular español en busca de ascenso, pídlle que antepoña os intereses do País aos da oligarquía financeira española que teñen postos os seus ollos nos aforros galegos.

O pasado domingo, unha multitudinaria manifestación tomou civicamente as rúas de Santiago nun histórico exercicio de autoestima e de dignidade colectivas.

O pobo galego galego voltou a dar unha nova lección e voltounos a amosar o camiño.

O camiño non é a resignación, o camiño é organizarse e andar, traballar arreo acarón da xente e desacomplexadamente propormos as nosas alternativas.

Porque as temos e porque son absolutamente necesarias para pormos este País noutra dirección.

Na dirección da xustiza social e na dirección da conquista progresiva de espazos de soberanía para Galiza.

Se nos organizamos, se actuamos desde o pluralismo e a unidade, se procuramos sempre o contacto co noso pobo, o nacionalismo será unha forza imparábel en Galiza.

Ao principio deste discurso dixen que sen o BNG Galiza non existiría politicamente como realidade diferenciada.

Sen o BNG, alguén imaxina un debate en Galiza sobre a necesidade de termos un Estatuto de Nación que nos coloque á altura de Euskadi e Catalunya?

Sen o BNG, quen enarboraría a bandeira da defensa da lingua?

Sen o BNG, quen atacaría as reformas fiscais reaccionarias?

Sen o BNG, quen denunciaria o deseño actual da UE, o responsábel da crise estrutural que viven os nosos sectores produtivos?

Mais o BNG felizmente existe e está aquí non so para ficar, senón para abrirse paso e para ser algún día, moito antes do que desexarían os nosos adversarios, a forza hexemónica da sociedade galega, a forza que dea corpo aos desexos dos miles de compatriotas nosos que poñen a Galiza por diante de todo.

Sei que o nacionalismo pode contar con vós, mozos e mozas, para completar a obra de Rosalía, Castelao e Bóveda.

Sei que ides pór todo o voso entusiasmo e enerxía.

Non o digo con nengún paternalismo, dígoo porque sei da vosa entrega militante, da alta calidade dos vosos textos a debate nesta asemblea, do voso compromiso co noso pobo e moi especialmente coa mocidade galega.

Hai esperanza en Galiza e esa esperanza, e permitídemme que aquí roce mesmamente a inmodestia, chámase nacionalismo galego.

O futuro do noso pobo pasa por que os galegos tomemos nas mans as rédeas do noso futuro.

Ninguén virá de fóra a tirarnos as castañas do lume. Ninguén virá de fóra a resolvern os nosos problemas.

Exerzamos a maioría de idade e apostemos por unha Galiza libre no Estado, en Europa e no Mundo.

Viva Galiza Nova!

Viva Galiza Ceibe!